



Teaching Guide				
Identifying Data				2017/18
Subject (*)	On Books and Editions	Code	613584105	
Study programme	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Official Master's Degree	1st four-month period	First	Obligatoria	3
Language	SpanishGalician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Letras			
Coordinador	Tato Garcia, Cleofe	E-mail	cleofe.tato@udc.es	
Lecturers	Tato Garcia, Cleofe	E-mail	cleofe.tato@udc.es	
Web				
General description	Historia do libro: estudo da transmisión textual manuscrita, impresa e dixital. Teoría e práctica de edición de texto: estudo de métodos e fases da edición textual.			

Study programme competences	
Code	Study programme competences
A5	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación
A7	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A9	Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos
A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B10	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C1	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C3	Demostrar un compromiso ético coas desigualdades
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C8	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico
C9	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Coñecer a materialidade do libro ao longo da historia e ser quen de ofrecer unha breve descrición bibliográfica	AC5	BJ1	CC5
	AC7	BJ2	CC6
	AC8	BJ3	CR1
	AR3	BJ4	
		BJ7	



Coñecer os principais fundamentos da crítica textual e ser quen de aplicalos nos supostos que se seleccionen para seren estudados	AC5 AC7	BJ7	CC1 CC2 CR3
Ser quen de producir textos escritos, debidamente elaborados e ordenados, nos que se apliquen os coñecementos adquiridos, se ofrezca unha síntese, se contraponían puntos de vista ou teorías..., sempre cunha visión crítica e reflexiva.	AC5 AC7 AC9 AR3	BJ1 BJ2 BJ3 BJ4 BJ7	CC1 CC2 CC3 CC5 CC6 CR1 CR2 CR3

Contents	
Topic	Sub-topic
Tema 1. A materialidade do libro	1.1. A transmisión textual manuscrita e impresa 1.2. Do libro medieval ao libro electrónico
Tema 2. A edición de textos	2.1. Introducción 2.2. Diferentes tipos de edición 2.3. Procesos na edición de textos 2.4. Os complementos (Introdución, aparato crítico, notas, material adicional)
Tema 3. Aplicacións bibliográficas	3.1. A descripción normalizada do manuscrito e o libro antigo

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Introductory activities	B10	1	0	1
Guest lecture / keynote speech	A7 A9 B6 B7 B10 C7 C5 C6	6.5	12	18.5
Workshop	A5 A14 A7 A9 B4 B5 B6 B7 B10 C1 C2 C5 C8 C9	6.5	15	21.5
Events academic / information	A8 A5 B5 B6 B7 B10 C1 C2 C3 C7 C5 C6 C9	0	13	13
Workbook	A7 B5 B6 B10 C1 C2 C7 C5 C9	0	11	11
Mixed objective/subjective test	A7 A8 A9 B10 B5 C1 C3 C7 C5 C6 C8	1	8	9
Personalized attention		1	0	1

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Proba inicial sobre os coñecementos previos relacionados coa materia, así como intereses, morivación... Preténdese obter información para artellar unha docencia que favoreza a aprendizaxe significativa.
Guest lecture / keynote speech	Nas sesións expositivas o ritmo da clase recaerá fundamentalmente na profesora, que tratará de familiarizar ao estudante coa crítica textual abordando de maneira sintética os aspectos e problemas que descoñece; a tal efecto, procurará ofrecer panorámicas xerais de carácter introductorio, que se completarán con bibliografía. Para que o alumnado se implique nestas sesións, buscarase a súa intervención (preguntas-respostas, interpelacións...).



Workshop	Combinación de diversas metodoloxías e probas (prácticas guiadas, solución de problemas, estudo de casos, debates, discusións dirixidas, probas de completar, etc.) a través das que o alumnado desenvolve tarefas aplicando os coñecementos adquiridos sobre distintos aspectos do programa, sempre co apoio e supervisión da profesora. Nalgún caso, pode solicitarse que cumplimente algún exercicio ou tarefa na casa para traballalo posteriormente na aula. Unha ou máis desas tarefas poderá(n) ser collidas pola profesora para a avaliación.
Events academic / information	Aproveitaranse os recursos e medios dispoñibles. Así, os alumnos visitarán o Arquivo do Reino de Galicia co obxecto de achegalos de modo directo e práctico á materialidade do libro e ao sistema de catalogación e arquivo. Alén diso, aproveitarase tamén algunha das conferencias sobre edición de textos e crítica textual das que se planifiquen para o curso 2017-2018 no Grupo de Investigación Hispania.
Workbook	Ademais das lecturas que a profesora indique para assimilar ou completar información das sesións maxistras, poderá marcarse algunha lectura máis, que o estudante levará a cabo fóra da aula, para participar nas actividades do obradoiro (resumo, esquema, debate...).
Mixed objective/subjective test	Ao final do curso, na data fixada pola Facultade, o alumno realizará unha proba dedicada a verificar a adquisición das competencias da materia, para o cal se lle plantexarán preguntas e exercicios de diverso tipo. Se requirirá, ademais, que alcance un nivel de expresión acorde co dun posgraio universitario.

Personalized attention

Methodologies	Description
Workbook Workshop Mixed objective/subjective test	O alumno poderá, sempre que sexa preciso, requirir a atención personalizada da profesora, tanto para resolver dúbidas xurdidas na preparación da proba mixta, como nas sesións dedicadas ao obradoiro ou nas lecturas, mais nunca pode suplir as explicacións que non ten seguido por se ausentar da aula inxustificadamente.

Assessment

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Workshop	A5 A14 A7 A9 B4 B5 B6 B7 B10 C1 C2 C5 C8 C9	Realizaranse diversos obradoiros na aula e valorarase o traballo e a participación dos estudantes; a tal fin, os materiais elaborados nalgúns deles poderán ser obxecto de avaliación. Nalgún caso, o estudante terá que ler previamente na casa algún texto ou elaborar algún traballo ou exercicio despois do obradoiro (tempo contemplado nas horas non presenciais).	25
Events academic / information	A8 A5 B5 B6 B7 B10 C1 C2 C3 C7 C5 C6 C9	Está previsto que os estudantes asistan a un evento divulgativo e a outro científico. Programarase unha visita guiada ao Arquivo do Reino de Galicia, onde deberán seguir as explicacións que se lles faciliten co obxectivo de presentar por escrito un texto no que dean conta dos aspectos principais sobre os que se lle ten informado e, especialmente, daqueles que garden relación co tratado nas sesións maxistras e nos obradoiros. Como evento científico, en principio, asistirán a unha conferencia ou seminario a cargo dalgún experto que trate sobre algún tema ou asunto relacionado coa materia (será algunha das actividades planificadas para o curso 2017-2018); igualmente deberán presentar un resumo da exposición no que demostren non só que asistiron ao seminario senon que foron quen de seguilo de maneira comprensiva.	50
Mixed objective/subjective test	A7 A8 A9 B10 B5 C1 C3 C7 C5 C6 C8	En cada unha das oportunidades (final de cuadrimestre e xullo), realizarase unha proba mixta na que, a través de preguntas e exercicios varios, o alumno demostrará que acadou os coñecementos e competencias previstas. Será moi importante tamén que neste exercicio ofrezca unha expresión correcta.	25



Assessment comments

Só se aceptarán actividades e exercicios realizados e entregados na data que se estableza, en soporte de papel e seguindo as normas que se precisen en cada caso. Non se poderá aprobar a materia sen acadar unha calificación mínima en cada un dos ámbitos contemplados na avaliación; se o estudante prescinde dalgún dos instrumentos da avaliación contará cun "Non Presentado". Na segunda oportunidade (xullo), aplicarase o mesmo sistema de avaliación; no exame, que se celebrará na data oficial fixada pola Facultade, complementariamente o alumno dará conta, nese mesmo momento, das demais actividades e exercicios que tiver pendentes.

Dase por suposta a asistencia ás aulas; aquel estudante que conte con dispensa de asistencia recoñecida debe poñerse en contacto coa profesora ao inicio do curso para establecer o mecanismo de seguimento da súa aprendizaxe. Alén diso, se algún alumno xustifica debidamente a imposibilidade de acudir ao evento divulgativo ou científico previstos, a profesora deseñará algunha outra proba ou traballo coa que se poda subsanar esa parte da avaliación.

A expresión do estudante nas distintas probas, exercicios e actividades levadas a cabo ha ser a que corresponde a unha titulación de posgrao (non só se tomará en conta, xa que logo, a corrección ortográfica e gramatical). No caso de que a expresión dos exercicios e traballos realizados fóra da aula non garden relación coa das probas e exercicios que o estudante realiza na aula baixo o control da profesora, para avaliar a expresión tomaranse como referencia os escritos que aquel ten elaborado sen axuda externa.

Sources of information



<p>Basic</p>	<ul style="list-style-type: none"> - BLECUA, Alberto (1983). Manual de crítica textual. Madrid: Castalia - BLECUA, Alberto (2012). Estudios de Crítica textual. Madrid, Gredos - DÍAZ, José Simón (1983). El libro español antiguo: análisis de su estructura. Kassel: Reichenberger - ESCOLAR, Hipólito (1984). Historia del libro. Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez - FRADEJAS RUEDA, José Manuel (1981). Introducción a la edición de textos medievales castellanos. Madrid: UNED - LUCÍA MEGÍAS, José Manuel (2012). Elogio del texto digital. Madrid, Fórcola ediciones - MARTÍNEZ DE SOUSA, José (1987). Pequeña historia del libro. Barcelona: Labor - MILLARES CARLOS, Agustín (1971). Introducción a la historia del libro y de las bibliotecas. México, FUE - MOLL, Jaime (1994). De la imprenta al lector. Estudios sobre el libro español de los siglos XVI al XVIII. Madrid: Arco Libros - MOLL, Jaime (1979). Problemas bibliográficos del libro del siglo de Oro . Madrid: RAE - MONTANER FRUTOS, Alberto (1999). Prontuario de bibliografía. Gijón, Trea - PEDRAZA GRACIA, Manuel José (2003). El libro antiguo. Madrid: Síntesis - PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (2001). Introducción general a la edición del texto literario. MADRID: UNED - SÁNCHEZ-PRIETO BORJA, Pedro (2011). La edición de textos españoles medievales y clásicos: Criterios de presentación gráfica. San Millán de la Cogolla: Cilengua - () . . <p>Durante o curso proporcionarase máis bibliografía específica con cada tema. Ademáis, a profesora poderá seleccionar diversos textos cos que traballar nos obradoiros.</p>
<p>Complementary</p>	

Recommendations	
Subjects that it is recommended to have taken before	
Resources for Literature Research/613584106	
Methods and Techniques for the Presentation of Research Papers/613584104	
Subjects that are recommended to be taken simultaneously	
Subjects that continue the syllabus	
Other comments	
Entendese que o alumno dispón dunha competencia lingüística acorde ao nivel universitario dunha titulación de posgrao; de calqueira maneira, recoméndase a aqueles estudantes que teñan problemas na expresión (sexan ortográficas, sintácticas ou doutro tipo) que as subsanen.	

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.